

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **4 profesores/profesoras**, dun total de 75 que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.
- 2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderán presentarse a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e os profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
- 5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **3** da lista de candidatos/as.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegado.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convócase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **18 de novembro, ás 16:30 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúvidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 4 de novembro de 2021

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Carlos Cazón Rivas

